



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

ACTA TRIBUNAL CALIFICADOR PARA CONTRATAR SOCORRISTAS DA CAMPAÑA DE VERÁN, DENTRO DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN ANO 2017.

Nas instalacións da Piscina Municipal de Outes ás 09.30 h. do día 12 de xullo de 2017, constitúese o antedito tribunal coa asistencia de D^a Berta Buján Casanova, D. Santiago Nieto Romarís, D. Alejandro Pombo Ramos e D^a Juana Pedrosa Leis, que actúa como secretaria

O acto ten por finalidade levar a cabo o procedemento de selección, segundo relación de candidatos enviada polo Servizo Público de Emprego en relación coa oferta 12-2017-6941, Emprego: BAÑISTAS SOCORRISTAS, para contratar dous socorristas da campaña de verán, dentro dos programas de cooperación ano 2017, para elo procédese a:

1º) Realizar e avaliar as probas de aptitude física (apartado 1) da base 10ª da convocatoria cos aspirantes admitidos ao procedemento de selección

Unha vez explicada, segundo o regulamento, a execución das probas, os aspirantes foron chamados individualmente para a realización das mesmas, non se presentaron os aspirantes: Campos Maneiro, Manuel; Fernández Fraga, David; Fernández Diez, Víctor; González Sieira, Antón; Noya Vázquez, Cristina; Pérez Franco, José Manuel; Rial Tomé, Carlos; Segade Queiruga, David e Varela Presas, Marta.

Ditos aspirantes quedan excluídos do proceso de selección xa que atendendo a base 10º) da convocatoria no seu apartado 1 di "...Os aspirantes que non realicen debidamente, en tempo e forma tódalas probas serán declarados non aptos e quedarán eliminados do proceso de selección."

Unha vez realizadas as probas, o tribunal, por unanimidade, outorgou as seguintes cualificacións:

	100mts combinada de salvamento	50mts rescate de manequín	Cualificación
1. Lameiro Ces, Manuel Anxo	1,52"	0,55"	APTO

2º) Avaliar os méritos dos/as aspirantes admitidos ao procedemento de selección.

Trala análise da documentación achegada e a correspondente deliberación, o tribunal, por unanimidade, acorda outorgar as seguintes puntuacións (1, por méritos; 2, por experiencia; e 3, total puntuación):

Nome e apelidos	1)	2)	3)
1.- Lameiro Ces, Manuel Anxo	0,75	0,23	0,98 pto



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

3º) Non se convoca a ningún dos aspirantes á realización da entrevista curricular xa que atendendo a base 10º) da convocatoria no seu apartado 4: entrevista curricular di "...poderase prescindir da entrevista se o número de aspirantes admitidos non superan o de postos de traballo que se convocan..."

4.- Xa que logo o tribunal propón a contratación dos seguintes aspirantes:

1. Lameiro Ces, Manuel Anxo, DNI nº 45.955.491L

Outes, 12 de xullo de 2017.

Asinan os que interveñen e dou fe.